

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 22/10/2018 9:42:13

SAIDA 13242/18

Valedor
Pobo

Sr. alcalde-presidente do Concello de Cambre
Atrio, nº 1
15660 – CAMBRE (A Coruña)

Expediente: C.8.Q/18858/18

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Sr alcalde:

Nesta institución tívose coñecemento, da preocupante situación na que se atoparían unha vintena de familias dese municipio de Cambre, arrendatarias de vivendas no edificio A Patiña.


Segundo puidemos coñecer, a xestora de actividades financeiras e inmobiliarias Altamira, ven de notificar ás persoas inquilinas que o contrato de arrendamento que no seu momento asinaron vai expirar proximamente, polo que deberán abandonar as vivendas xa que o referido contrato non se vai renovar.

Ante a situación descrita, lle comunicamos que no día de hoxe iniciamos actuacións ante a Entidade Banco de Santander a fin de que trasladen a quen corresponda as especiais situacións de vulnerabilidade e emerxencia social que concorren nalgunhas das familias afectadas pola problemática exposta, interesando a remisión do correspondente informe.

Como ben sabe esta Institución non pode ser allea nin ás especiais situacións de vulnerabilidade de moitas das familias afectadas nin aos prexuízos que lles comportaría a perda das súas vivendas habituais.

Por conseguinte lle comunicaremos tan pronto como sexa posible canta información puidera ser relevante para os intereses da súa veciñanza.

Reciba un atento saúdo


Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 22/10/2018 9:38:41

SAIDA 13241/18

Banco Santander
Dirección Territorial Galicia Asturias
A/a D. Blas Rivas Grande
Director de Recuperaciones
R/ Cantón Grande, 4-1º
15003 - A CORUÑA

Valedor
Pobo

Expediente: U.8.Q/18858/18

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Estimado Sr. [REDACTED]:

Nesta institución tívose coñecemento, da preocupante situación na que se atoparían unha vintena de familias do municipio coruñés de Cambre, arrendatarias de vivendas no edificio A Patiña.

Segundo puidemos coñecer, a xestora de actividades financeiras e inmobiliarias Altamira, ven de notificar ás persoas inquilinas que o contrato de arrendamento que no seu momento asinaron vai expirar proximamente, polo que deberán abandonar as vivendas xa que o referido contrato non se vai renovar.

Ante a situación descrita, convén lembrar que algunhas das persoas afectadas por esta problemática atravesan situacións de emerxencia social e precariedade económica, percibindo nalgúns casos rendas ou axudas que non superarían os 400 euros mensuais. Concorren pois, feitos diferenciais e elementos de verdadeira vulnerabilidade social ao tratarse de persoas en risco de exclusión ás que a perda da vivenda habitual lles carrexaría lamentables consecuencias.

Desde hai décadas, tanto a Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 10 de decembro de 1948 (artigo 25.1) como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 16 de decembro de 1966 (artigo 11.1), ou a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (aprobada o 7 de decembro de 2000, artigo 34.3), coinciden en resaltar a dimensión social da vivenda, vinculada á mellora das condicións de existencia das persoas.


É precisamente neste contexto polo que semella acaído que nos dirixamos a esa entidade a fin de que informen tan pronto como lles sexa posible sobre os feitos descritos e cantas

circunstancias coñeceran que puideran ser de relevancia para clarexar a problemática exposta e paliar ou contribuír a mitigar o conflito.

Consideren que esta institución non pode ser allea nin ás especiais situacións de vulnerabilidade de moitas das familias afectadas nin aos prexuízos que lles comportaría a perda das súas vivendas habituais, vivendas que constitúen os seus fogares dende xa fai moitos anos.

Por conseguinte iniciamos este expediente de oficio, agradecendolle de antemán o seu interese e na confianza en que coa súa colaboración academos unha solución satisfactoria.

Reciban un atento saúdo

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Milagros Otero". The signature is written in a cursive style and is positioned above a horizontal line that extends across the width of the signature.

Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo